

# Unha vida entregada á cultura galega

## **XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**

Darío Álvarez Limeses e de María Blázquez,  
pais de Xosé María.



MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Doutora en Filoloxía Románica e  
profesora da Universidade da Coruña.

Autora de numerosos ensaios, estudos  
e artigos sobre sociolingüística e  
literatura galega. É Directora-Xerente  
da Fundación Bautista Álvarez de  
Estudos Nacionalistas

Xosé María Álvarez Blázquez pertence a esta xinea, a esta estirpe dignísima da nosa historia contemporánea. Non se resignou a que a Galiza e a súa cultura fosen clandestinas e subordinadas. Por contra: reasignoulles un outro papel, de coñecemento, de socialización da cultura, de investigación e de divulgación acorde cos tempos en que viveu. Foi fiel ao mandato dos seus mestres e leal, por riba de adversidades, penurias e represalias, á súa condición de galego e de galeguista. Para dar conta do exemplo que nos legou o noso polígrafo, reproducimos varios fragmentos do volume *Xosé María Álvarez Blázquez: claro mencer do tempo...* da autoría de María Pilar García Negro, editado na colección *Manuais de Teatro* por Casahamlet.

**¿QUEN FOI, QUEN É, XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?** A personalidade que a Real Academia Galega escolleu, este ano 2008, como dedicataria do Día das Letras Galegas, naceu na cidade de Tui, en 1915, e morreu, en Vigo, en 1985. Sete décadas, pois, de vida, nun século XX decisivo para a Galiza e para o devir histórico dos galegos, de todos nós. Vida enmarcada en dúas datas significativas, que queremos comentar polo seu simbolismo. Con efecto, en 1915, en plena 1ª Guerra Mundial, estamos nas vésperas dun momento histórico especialmente importante para a Galiza: a fundación das Irmandades da Fala, na Coruña, que ten lugar o 18 de Maio de 1916, da man de Antón e de Ramón Vilar Ponte. 1985, o ano do falecemento de Álvarez Blázquez, é o ano en que se conmemora o centenario da morte de Rosalía de Castro, a inauguradora da literatura galega moderna e escritora predilecta do noso autor, que tamén foi editor seu pioneiro. Xosé María Álvarez Blázquez pertence, xa que logo, á xeración de escritores e de patriotas galegos que forman filas, como discípulos, naquela que protagonizan Castelao, Otero Pedraio, Antón Vilar Ponte, Ramón Vilar Ponte ou Alexandre Bóveda, herdeiros por súa volta, dos restauradores do século XIX, como Murguía, Rosalía de Castro, Pondal, Curros ou Lamas Carvajal. Esta xeración é a que Ramón Vilar Ponte nomeará como "Xeración do 16", en lembranza, precisamente, do ano fundacional das Irmandades da Fala. Eis o seu espírito, como se encargaba de recordar Ramón Vilar Ponte, no discurso de ingreso na Real Academia Galega, en 1951:

*Como directrices xerais que caracterizan a xeración do 16, que aínda é a nosa, a que hoxe por fortuna vive puxante e forte máis que nos eidos nativos nas terras de alén mar, imos sinalar as seguintes: a convicción, e coa convicción a afirmación rotunda, con todas as consecuencias que dela*



Xosé María Álvarez Blázquez

*se derivan, de que Galiza ten unha personalidade viva, singularizada, e necesitada polo mesmo de que se lle non poñan acoutamentos ao seu natural e lexítimo desenvolvemento. E sendo, como é, a lingua a máis alta manifestación de tal personalidade, os que así pensan, os da xeración do 16, dedican todas as súas preferencias e anseios, así como os seus traballos, a conseguir que a lingua recupere o posto que en rigor lle pertence...*



Obras clásicas galegas recuperadas polo labor editorial de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez

Desta ansia se vai alimentar Xosé María Álvarez Blázquez, que naceu, como dixemos, en 1915, e a esta vocación de servizo á lingua e á cultura galega vai servir co seu traballo e a súa dedicación literaria, xornalística e editora durante toda a súa vida. É, pois, fillo político e espiritual dos artífices do Segundo Renacemento da cultura galega, que, programaticamente, vai certificar a celebración, en Lugo (Novembro de 1918) da I Asemblea Nacionalista, que proclamará a “soberanía estética da Nación Galega”.

A súa vida, como xa dixemos, fica encerrada en sete décadas, entre 1915 e 1985. Sete van ser, tamén, os *flashes* ou apontamentos que faremos sobre a súa vida e obra, en sete aspectos que nos semellan significativos do seu quefacer incansábel a prol non da súa biografía intelectual individual senón dunha biografía sociocultural da Galiza, cun profundo sentido do colectivo e do socializador que toda cultura adulta merece e precisa:

I. Xosé María Álvarez Blázquez naceu en Tui, no 4 de Febreiro de 1915. Fillo de Darío Álvarez Limeses, médico, e de María Blázquez, nada na emigración en Cuba. É o terceiro de seis irmáns, todos varóns. A familia amparou e favoreceu, desde moi cedo, a súa cultura letrada e a súa vocación literaria, que foi precoz e alimentada tanto pola lectura dunha ben surtida biblioteca como por relatos e contos da vida cubana que a súa nai refería.

Tal e como apunta seu fillo e biógrafo Alfonso Álvarez Caccamo, citando recordacións do seu propio pai, o convivio e amizade con Alexandre Bóveda vaino marcar de por vida:

[...] *Por ser eu familiar de Bóveda e ter vivido na casa dos pais da súa dona, Amalia Álvarez Gallego, curmá miña, desde setembro de 1931 a xullo de 1934, compartín de preto unha boa parte daquelas vidas entrañábeis, baixo a man serea, sensíbel,*

*garimosa do meu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses. Fun, polo tanto, testemuña de moitas cousas, grandes e cativas, tristesiras ou ledas nos anos cruciais da vida íntima e da actividade política de Bóveda. E aínda que a memoria nunca foi a miña aliada gardo moitos recordos e vivencias daqueles tempos de ilusións, súpetamente afogadas polas máis tremendas dores e o máis brutal espanto. Fun amigo de Bóveda, máis que curmán, porque unha mútua corrente de simpatía nos ligou. Sabía eu da súa dimensión política, pero moito máis souben da súa humanidade. [...] Conféssoo e sinto orgullo de dicilo: son parcial de Bóveda, é dicir, comparto o seu pensamento e a súa conducta [...].*

II. Álvarez Blázquez iníciase así á vida cultural e política de Galiza, en anos verdadeiramente aurorais, da man do mellor e máis combativo do nacionalismo galego de pre-guerra, que se organiza como tal, no Partido Galeguista, fundado en Pontevedra, en Decembro de 1931, ano inaugural da II República española e inicio dun fecundo labor político a prol da Galiza e das súas necesidades e aspiracións, que só a barbarie desatada pola guerra civil española puido interromper brutalmente.

Con efecto, en anos ben complicados na situación internacional e na estatal (ascenso do nazismo ao poder en Alemaña; bienio negro da República española...), o nacionalismo galego estaba a esforzarse por facer emerxer unha conciencia galega e para facer valer os dereitos da Galiza, por lle procurar un outro lugar na España e no mundo, antagónico do que se lle tiña reservado: canteira de materias primas, de man de obra barata ou escrava, e de emigrantes.

Resurrección da lingua galega como útil instrumento social e público; economía e institucións ao servizo dos galegos; autonomía política: eis os pilares en que, na teoría ideolóxica e mais na praxe política, pousan a súa

acción os galeguistas que coñece e con que se relaciona, nestes primeiros anos trinta, o noso polígrafo.

Tal emerxencia da conciencia galega, da auto-organización e mais do despertar cultural non ía ser facilmente consentida desde España. Por iso, Castelao e Bóveda (secretario político e secretario de organización, respectivamente, do Partido Galeguista) son desterrados a Badajoz e a Cádiz, baixo o goberno de Lerroux. Tratábase de intentar, como fose, descabezar o movemento galeguista e desactivar o seu enorme potencial, para que a Galiza seguise sendo pasto doado da depredación política centralista, o caciquismo e a alienación.

Neste clima, con este alimento humano e político, neste tempo de novo amencer para a Galiza, vai nacer á vida pública, na escrita e na oratoria, o noso personaxe, Xosé María Álvarez Blázquez. Así o recorda el mesmo, na biografía-homenaxe que compuxo sobre Alexandre Bóveda:

*[...] Logo de rematar eu o Bachillerato fixen oposicións a ingreso no Maxisterio polo plan de Marcelino Domingo (o chamado Grado Profesional) e seguíndo despois os cursos correspondentes —1931 a 1934— na Escola Normal de Pontevedra. Vivía na casa do meu tío Xerardo, sogro xa de Bóveda. O meu tío, criatura dunha bondade anxelical e profundamente relixioso, non militaba en ningún partido político, pero axiña foi gañado para a causa galeguista por Alexandro, inda ben as súas inxerencias intelectuais, a súa entrañábel emoción poética estivera sempre ao servizo de Galicia. [...] Moitas veces ofrecíei de recadeiro ante ambos, levando e traendo notas escritas ou verbais da casa do meu tío á de Bóveda, que vivía daquela na Virxe do Camiño. Había que pillalo na casa á hora do xantar, porque logo non era doado topalo, sempre entregado aos seus traballos. Moitas veces tomei café con el e coa miña curmá Amalia. Eu pertencía á*



*Mocidade Galeguista. Falabamos. Nunca tratou de impor os seus criterios nas tarefas dos mozos. Informábase por min dalgunhas cousas e, se acaso, daba unha idea, suxería, alentaba. Leveille un día un folleto editado polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes con destino ás escolas. Era unha pequena escolma de poesía peninsular, pero non se recollía nela nin unha cativa mostra nin tan sequer a menor refe-*

Darío Álvarez Limeses (Pontevedra, 1877; Vigo, 1936) Médico e xornalista. Redactor xefe de "La Integridad", fundador do semanario "La Opinión", militante republicano que foi fusilado o 30 de outubro de 1936



Casa natal de Xosé M<sup>o</sup> Álvarez Blázquez e a dereita placa do seu pai. O texto da placa recentemente colocada na fachada da súa casa pon: "Nesta 'Casa do Rollo' viviu Xosé María Álvarez Blázquez cos seus pais Darío Álvarez Limeses e María Blázquez Ballester e os seus irmáns Darío, Celso, Alfonso, Emilio e Álvaro. No ano 2008, dedicado á lembranza deste egregio escritor, investigador e editor, o Concello de Tui honra a súa memoria e a da súa familia polo seu compromiso coa cultura de Galicia e coa causa da liberdade"



*rencia á poesía galega. Só figuraba un poema en castelán de Rosalía. Pero o máis magoante era que noutro folleto complementario facíanse as biografías dos poetas seleccionados, adicando a cada un tres ou catro páxinas. Rosalía despachábase xustamente con tres liñas.*  
 – *Cómpre escribir algo –díxenlle.*  
 – *¿E a que agardas? –respondeume–. Escribo ti. Eu fareino publicar en A NOSA TERRA.*

*Ao día seguinte leveille o meu primeiro traballo político –é un dicir–, que titulei 'Outro aldraxe'. Viu a luz, para o meu contentamento, no número do Boletín do Partido Galeguista correspondente ao 26 de Maio de 1934. [...]*

*Noutra ocasión, no comezo do mes de Abril, díxome Alexandro:*

– *O día 26 é o aniversario dos fusilamentos de Carral. ¿Tedes pensado facer algún acto na Mocidade?*

– *Non sei...*

– *Coido que é importante lembrar a data. Non sendo o do monumento de Carral, nunca máis se fixo nada. Pasan os anos e en toda Galicia non hai un triste recordo para aqueles mártires.*

*Eu calaba, porque pouco sabía daqueles acontecementos. Adiviñou a miña confusión e, como de costume, limitouse a me sinalar o camiño:*

– *Na biblioteca do teu tío tes a historia de Tettamancy sóbor da revolución galega do 46 e o tráxico fin do seu Exército Libertador.*

*Collín a idea e propúxenlla aos meus compañeiros da Mocidade –ir-*



*máns chamabámonos daquela os galeguistas, emulando o lema dos Irmandiños–. Fixemos un sinxelo acto. Falei eu. Foi unha arenga xuvenil, endereitada aos mozos, moi ategada de emoción, moi cativa na forma. Tituleina 'Berro en lembranza dos herois de Carral' e publicouse nun folleto que facía o número 1 das 'Publicacións da Federación de Mocidades Galeguistas' [...].*

Eis o baptismo literario, no xornalismo político-cultural, de Xosé María Álvarez Blázquez. Lembremos que quen escribeu este artigo, que agora ides escoitar, era un rapaz de dezanove anos, que se estrea, da man de Bóveda, no número 333 d'A Nosa Terra, o 26 de Maio de 1934:

*O 'Ministerio de Instrucción Pública e Bellas Artes' –así, con todos os títulos– remata de ferir no máis fondo, no cerne, a sensibilidade e o espírito galego. O tal Ministerio sentiuse espléndido, e, en ocasión do terceiro anal da instauración da República, fixo aos nenos das Escolas o presente dun folleto, onde se publican anacos literarios en prosa e en verso dunha ducia escasa de autores. O derradeiro traballo –os derradeiros son de feito os primeiros– é un belido poema en castelán da nosa Rosalía.*

*Mais a lambada ven agora: xunto con iste folleto remitiu o Ministerio outro no que figuran as biografías dos autores dos tales traballos. Dúas, tres, catro páxinas, enchen cada biografía. Tres liñas, nin máis nin menos, adicadas a Rosalía de Castro, a meirande poetisa de raza latina, en todos os tempos.*

*A aldraxe sae nada menos que de todo un Ministerio, para ferir a lembranza dunha Rosalía de Castro. Se non houbera xa razóns de abondo, a indinazón de Galiza tiña de estoupar neste intre. E se non fose por respecto ás letras de molde... E se non fose pola lembranza de Rosalía... Non sei cando ían rematar as miñas aldraxes!*

*Poucas vergoñas, que non dubidan en 'obsequiar' aos nenos –aos*



nosos nenos tamén— coa meirande lambada que o espírito de Galiza ten levado: aldraxando, cun silenzo satánico e unha intención de cobra, a santa figura da gran Rosalía. Espíritos cativos e ruíns, que ignoran de vos de águia e de outura de luar. Coitados morcegos, aniñados na tépeda escuridade da ignorancia. Entes despreciábeis, abafados co alento cheirento das pandillas. Pitecantropus, disfrazados de persoa... Se fórades quen de cheirar o arume poético de Rosalía; se fórades quen de non morrer co seu lume; se fórades quen de comprender a súa abuideza!... Mais o moucho voa máis outo ca vós e a poupa ten niño de flores pé do voso niño... O meu escupitallo poderíavos lavar a cara: é moito para vós.

A Nosa Terra, nº 333,  
26 de Maio de 1934

E a súa estrea como orador político, tamén o mesmo ano de 1934, en acto de homenaxe aos mártires de Carral, organizado pola Federación das Mocedades Galeguistas, vai selar o seu definitivo compromiso coa causa da Galiza, da súa historia e da súa cultura. Esta arenga ou discurso remata coa seguinte invocación:

*Irmáns:*

*Eu vos invito pra a loita. De hoxe en diante prométovos deixar no oco de un albre o meu bagaxe inútei de poeta e ire con vosco a onde vos queirades. E non hemos loitar coma o coello que fuxe da raposa, non; eu sei ben que se o coello fincara os*

*dentos nos fuciños do seu nemigo, tiña xá moito camiño andado pra gañar. Nos temos de dal-o peito, e se en derradeiro termo a raposa nos pilla, morramos co-a ideia de que cando nos xanta é car (sic) hemos tere bo celme.*

*Deitemos a pedra da nosa indiñazón na mansedume eistúpida dos illós e acendamos fachas nos osos dos bos de Carral. Eu sei de certo que os seus espíritos andarán con nosco, latexarán a nosa veira e daránnos o bafo lene e balsamado do seu inmoredoiro amor a Galiza.*

*Eu ben sei que o espírito dos mártires de Carral está con nosco. Por iso non vos prego o minuto de silenzo que pol-os mortos se prega. Eu prégo-vos coma aos vivos, pois íles vivos están en vos, que vos poñades en pé.*

*Homes de Carral: ergueivos!*

III. Álvarez Blázquez, que se afiliara ao Partido Galeguista, após a súa militanza nas Mocedades, ao cumprir a maioría de idade, aos vinte e un anos, por tanto, en 1936, axiña vai coñecer de perto e en carne viva os horrores que desata na Galiza, xa desde o comezo, a guerra civil española. O 17 de Agosto deste ano matan, na Caeira, en Pontevedra, Alexandre Bóveda. O 18, Ánxel Casal, administrador da revista *Nós*, en cuxo núm. 139-144 (xullo-décembro 1935) apareceran os contos de Xosé María titulados "Os ruíns" (número que xa non chegou a distribuírse, ao producirse o levantamento fascista, cuxos artífices queiman os fondos da revista e da editora). O pai, Darío Álvarez Limeses, militante de "Izquierda Republicana", é igualmente fusilado en Tui, no 30 de Outubro dese ano. O seu tío, Xosé Álvarez Limeses, non deu superado a dor polo asasinato de Alexandre Bóveda e morre aos catro días, sen deixar de chorar. Xosé María, con praza de mestre en Coia-Vigo, é desterrado a Coreses (Zamora), por "separatista", segundo constaba no expediente incoado polos fascistas.

Xosé María, con praza de mestre en Coia-Vigo, é desterrado a Coreses (Zamora), por "separatista", segundo constaba no expediente incoado polos fascistas

Alexandre Bóveda será unha influencia fundamental na familia Álvarez



Xosé Mª seguido de Celia Villar, Luís Bouza-Brey, Ruben García e Fermín Bouza-Brey. Este último, Fermín, lembrará como o seu amigo Xosé Mª sería dos poucos que non o abandonou e se mantivo leal cando foi separado da carreira xudicial

En baixo, co seu amigo Celso Emilio Ferreiro



IV. Aproximámonos ao ecuador da súa vida, con instalación definitiva en Vigo, onde casa con María Luísa Cáccamo Frieben, profesora mercantil, en 1946, e onde pode sobrevivir unha moi dificultosa vida cultural (a política galega totalmente prohibida e reprimida...) en galego. A literatura galega salvada da queima vai seguir existindo e medrando a moitos quilómetros de distancia, no seo da emigración e do exilio americano, fundamentalmente en Buenos Aires, cidade que coñece, en 1944, a publicación de *Sempre en Galiza*, de Castelao, a grande obra do pensamento galego do século XX, que, fóra de círculos exiguos, tardaría moitos anos en poder ser coñecida e aproveitada no interior da Galiza. Aquí, a voz galega enmudece ou fica *underground*, nunha situación de catacumba, que moi lentamente se poderá ir conxurando. Xosé María asiste á mesma tertulia en que eran familiares as persoas de Valentín Paz Andrade, Laxeiro, Fernández del Riego, Cunqueiro ou Luís Viñas Cortegoso. Por esta época, escribe novelas en castelán, mesmo algunhas premiadas e hoxe (re)traducidas á lingua galega, e, tamén, obras de teatro nesta lingua.

Mais... quen tivo, retivo, como di o refrán, e todas as penalidades sofridas e toda a represión ambiental non son capaces de dobrar o espírito galeguista de Xosé María e, moito menos, a súa vontade de restaurar, ao menos na práctica litera-

rio-editorial posíbel, a cultura galega. É así como, en 1950, nace a editorial Monterrei, da man do noso autor e de Luís Viñas Cortegoso, que pervive durante vinte e nove anos, até 1979, sendo un verdadeiro faro cultural na cidade de Vigo. Ao compás deste labor de resurrección editorial e libreira, que contribúe grandemente ao renacer das letras galegas, tamén vai renacer e reavivarse a vocación de escritor galego e en galego de Xosé María Álvarez Blázquez. Así, publicará en 1949, xunto co seu irmán Emilio, *Poemas de Ti e de Mi*, e en 1950, *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa primoxénita María Luísa, nada en 1948, tamén poemario. Nun e noutro, Xosé María reforza a alianza coa tradición lírica galega, tanto nos poemas neotrobadorescos (que cultivaran Bouza Brei ou Cunqueiro) como no tributo de admiración ao seu querido Amado Carballo e o seu namoro da natureza galega, convertida, animisticamente, en elemento metaforizador e simbólico, cúmplice do eu lírico.

Referímonos antes a Xosé María Álvarez Blázquez como polígrafo e tal denominación está plenamente xustificada. Acabamos de recordar como o seu primeiro *revival* como escritor galego está intimamente unido a unha vontade firme de restaurar, ao tempo, o ronsel editorial galego e, por aquí, de proseguir a diacronía literaria galega, brutalmente interrompida no interior da



En 1950, nace a editorial Monterrei, da man do noso autor e de Luís Viñas Cortegoso, que pervive durante vinte e nove anos, até 1979, sendo un verdadeiro faro cultural na cidade de Vigo

nación. Aínda non está ben valorado este esforzo, que non ten nada de individualismo egótico e si ten todo de afán por volver dignificar, publicar e socializar a literatura e a historia galegas. É así como a editorial Monterrei vai acoller a publicación de obras fundamentais para o coñecemento da historia da Galiza como *El búho gallego*, de don Pedro Fernández de Castro, o sétimo conde de Lemos; novidades de escritores de preguerra, como a *Cantiga nova que se chama Riveira*, de Álvaro Cunqueiro, ou *Nasce un árbore*, dun escritor novel como Gonzalo Mourullo. Xunto a este importante labor editorial e literario, Xosé María vai proseguir as súas tarefas de investigador, particularmente desde o seu nomeamento, en 1949, como Comisario de Escavacións Arqueolóxicas, de Vigo, cidade da que será nomeado, con toda xustiza, cronista oficial en 1976. Tamén é nomeado correspondente da Real Academia Galega neste ano 1949.

Participa en múltiples congresos científicos relacionados coa arqueoloxía e a etnografía, impulsa grandemente o Museu de Castrelos, de Vigo, colabora asiduamente na prensa escrita e mais na radial, intervéñen con notábeis exposicións en simposios ou actos académicos de Portugal ou doutros países...

...E ten humor abondo para publicar, no día dos Inocentes, o 28 de Decembro de 1953, o seu *Cancioneiro de Monfero*, da súa autoría, mais presentado como resultado dun achado emocionante no mosteiro do mesmo nome, que moitos interpretaron como verídico e auténtico dos tempos medievais e trobadorescos (do século XIII, nada menos), brincadeira que o autor cultivou coa fabulación correspondente no limiar e mais no colofón do libro.


V. A partir destes anos cincuenta e nos inmediatos sesenta, a actividade cultural, editorial, científica e divulgativa de Xosé María Álvarez

Xosé María (sentado no centro) con outros membros da Real Academia Galega





Roteiro desenvolvido polo Concello de Tui para lembrar a Xosé M<sup>º</sup> Álvarez Blázquez e inauguración da placa conmemorativa o 23 de abril deste ano



Blázquez non fará senón ir en aumento. *Canle segredo*, o seu mellor libro de poesía, pertence aos primeiros anos cincuenta (1951-1953) e, a pesar de resultar premiado polo "Centro Gallego" de Buenos Aires, non foi editado até moito máis tarde, en 1976, xa na editorial Castrelos, que Xosé María e os seus irmáns fundaran en 1964. O libro, dedicado á súa muller, obriga, hoxe, a reubicar a evolución da poesía galega de posguerra.


A pouco da súa publicación, este libro mereceu a recensión de Ricardo Carvalho Calero, o grande estudioso da lingua e da literatura galegas, tamén compañeiro de xeración do noso autor: *O título do libro simboliza a vida do libro desde que se formou na entrada da roca ata que alumeou no serodio manantío*.

VI. Para alén da composición deste volume, *Canle segredo*, que resume o mellor da poesía do autor, Xosé María Álvarez Blázquez vai vivir unha década especialmente produtiva, que consideramos aberta no 1953 e culminada no 1964, coa fundación da editorial Castrelos. Esta editorial merece un capítulo á parte na historia da cultura galega. Fóra de calquer tentación elitista ou minoritaria, Castrelos -isto é, o seu animador principal, Xosé María Álvarez Blázquez- propónse, desde o principio da súa andaina, achegar ao maior número posíbel de lectores obras

fundamentais da literatura galega, tanto clásica como contemporánea. Así, a colección "O Moucho" (subtitulada "Libros do pobo pra o pobo") editará e reeditará, con grande sucesso de vendas, *O Catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, que volve ser, como na súa época, un *best seller* da literatura galega. A colección "Pombal" encárgase de editar textos clásicos fundamentais, tamén en formato e prezo asequíbeis, de Rosalía de Castro, Curros, Pondal, Castelao, Alonso Ríos ou Amado Carballo. Ao tempo, as escolmas de poesía medieval e dos séculos escuros garanten o coñecemento de períodos históricos -quer de esplendor, quer de crise- especialmente importantes na historia xeral da Galiza, propósito a que serven, tamén, os *Cuadernos de Arte Gallego* ou a recolla da literatura popular en torno a Pardo de Cela.

En 1962 é nomeado membro numerario da Real Academia Galega, institución en que ingresará formalmente o 28 de Novembro de 1964, cun discurso titulado "Cantares e romances vellos prosificados". Ocupa a vacante deixada por Aquilino Iglesia Alvariño. De 1966 a 1967 vai morar en Oviedo, por razóns laborais. En 1968, xa retornado a Vigo, reemprende a súa primeira vocación docente, ao traballar como profesor de Formación Humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro. En 1969, viaxa a Buenos Aires, Mendoza e Mar del Plata, convidado polo Centro Galego da capital argentina; cidades en que dita conferencias. Visita, así mesmo, Caracas e Miami. Na capital de Venezuela, reencóntrase co seu vello amigo Celso Emilio Ferreiro, emigrado alí desde 1966. En Miami o reencontro será co seu curmán Xerardo Álvarez Gallego, cuñado de Alexandre Bóveda e autor da estremecente biografía do político galego: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*.

Xa no tardofranquismo, en anos cruciais para o inicio, máis unha



vez, da normalización social e pública do galego, a editorial Castrelos publicará un volume fundamental, *Falemos galego. 50 textos de onte e de hoxe*, en que Alfonso Álvarez Gándara, tamén da familia de Xosé María, antologa e prologa tanto textos en verso como en prosa dignificadores da lingua galega e animadores do seu uso.

Téñase en conta que a publicación desta antoloxía, en 1973, coincide cun impulso grande –sobre de todo, nas aulas, no teatro e na política nacionalista– que recibe o galego: foi unha especie de credenciais de autoridade con que se pretendía captar novos falantes para o galego, face a prognósticos derrotistas ou alarmistas que se estaban a facer naquela altura.

VII. A derradeira década da vida e traballos do noso autor coincide coa primeira de inauguración formal do novo rexime político. Ao igual que acontecera na Segunda República española, de novo o Estatuto Galego será entorpecido e rebaixado desde Madrid; organizacións nacionalistas, como a Unión do Povo Galego (1964) ou a Asamblea Nacional-Popular Galega (1974) verán considerabelmente retrasada a súa legalización (mesmo cando xa se convocaran as primeiras eleccións, en 1977).

En 1979, vende Edicións Castrelos á editorial Galaxia. Este ano coñece dúas mortes ben dolorosas pa-

ra el: a de seu irmán Darío e a de Celso Emilio Ferreiro, nove anos despois dunha perda desoladora, a da súa primoxénita, María Luísa. Continúa a traballar incansabelmente. Organiza a Hemeroteca de Vigo e o Arquivo Gráfico e Documental desta cidade; publica *Vigo en su Historia*, en 1980. En 1982, un ano despois do golpe de Estado, recibe a encomenda do “Banco del Noroeste” de escribir a biografía de Alexandro Bóveda para a colección “Hombres que hicieron Galicia”. Cumprido o encargo e editado o libro, a entidade bancaria procede a autosecuestro, impedindo a súa difusión e anatemizando, así, biografado e biógrafo. Este, que cerra a súa vida lembrando os seus primeiros anos de adulto baixo o maxisterio do seu curmán político, Bóveda, non verá editado en vida este volume, que só verá a luz postumamente, sete anos após o seu falecemento, en 1992, por tanto. Segunda morte para Bóveda (esta, censorial e nun rexime formalmente democrático) e grande mágoa para Álvarez Blázquez, autor da biografía. É convidado especial da Agrupación Cultural da Coruña, que leva o nome precisamente de Alexandre Bóveda, baixo cuxa organización proferirá unha conferencia sobre Amado Carballo, en 1983.

No 2 de Marzo de 1985 falece, en Vigo, vítima dun infarto de miocardio. Con el tamén se ía unha maneira de entender a Galiza e a cultura galega que, en 1975, lembraba o seu querido e admirado Otero Pedraio, cando rememoraba os anos inaugurais do nacionalismo galego de anteguerra:

...naquel intre –recorda don Ramón–, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que non se podía era estar calados e quedos, porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós ■

En 1982, un ano despois do golpe de Estado, recibe a encomenda do “Banco del Noroeste” de escribir a biografía de Alexandro Bóveda editado o libro, a entidade bancaria procede a autosecuestro